



Estratexias de comunicación para **servizos** de normalización lingüística

Actividade formativa en **liña** a través do **Campus Remoto** da Universidade de Vigo (UVigo) **22, 23, 29 e 30 de outubro e 5 e 6 de novembro de 2020**
www.ctnl.gal

Por que este curso?

A **finalidade** desta actividade formativa é dotármonos de **estratexias e ferramentas para mellorar a comunicación** do traballo de normalización da lingua, tanto facendo uso dos medios de comunicación convencionais como creando medios propios.

- ✓ Optimizar a capacidade de xestión dos medios dixitais propios dos SNL
- ✓ Desenvolver habilidades para crear contidos de interese para os medios dixitais
- ✓ Capacitar para crear un *social media plan*
- ✓ Comprender os resultados das estratexias implementadas

Cales son os obxectivos?

- ✓ Comprender a realidade dos medios de comunicación en Galicia
- ✓ Entender os conceptos de cultura e identidade corporativa
- ✓ Entender o funcionamento dos departamentos de comunicación institucional
- ✓ Diseñar plans estratéxicos de comunicación para institucións locais
- ✓ Adaptar a comunicación aos distintos públicos de interese
- ✓ Desenvolver habilidades para a relación cos medios de comunicación
- ✓ Entender os procesos de contratación de publicidade

Como aprenderemos?

Será un **curso práctico** que se desenvolverá en **sesións síncronas en liña** a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo:

<https://campusremotouvigo.gal/>

Quen nos vai guiar e axudar?

Emma Torres Romay, profesora titular de Estratexia Publicitaria na Universidade de Vigo e doutora en Comunicación Audiovisual e Publicidade pola mesma universidade.

Ten tamén experiencia profesional na Radio Galega e nos gabinetes de prensa da Consellería de Xustiza e da Universidade de Vigo.

Organiza



Colaboran



Cal é o programa do curso?

O curso combinará contidos teóricos con exercicios e actividades prácticas, todo adaptado á realidade do traballo de normalización da lingua, especialmente en SNL.

Abordaranse os seguintes **contidos**:

I. Conceptos básicos sobre estratexias de comunicación

1.1. Comunicación e medios

1.1.1. Conceptos básicos para a creación de estratexias de comunicación

1.1.2. Panorama xeral dos medios de comunicación en Galicia

1.2. Comunicación e institucións

1.2.1. Cultura corporativa e estratexia política

1.2.2. Identidade corporativa: *marketing*, *branding* e outros conceptos

1.2.3. Comunicación interna e externa

1.2.4. Funcionamento dos departamentos de comunicación

1.3. Plans estratéxicos de comunicación

1.3.1. O procedemento estratéxico: técnicas e deseño

1.3.2. Elementos básicos da estratexia: obxectivos e posicionamento

1.3.3. O públicos de interese

1.3.4. A axenda estratéxica

II. Estratexias de comunicación convencionais

2.1. Os medios gañados

2.1.1. A relación cos medios de comunicación

2.1.2. Ferramentas de comunicación

2.2. Os medios pagados

2.2.1. A xestión da publicidade

2.2.2. Ferramentas de comunicación

III. Estratexias de comunicación dixitais

3.1 Comunicación en contornas dixitais

3.1.1. Dinamización e xestión de plataformas

3.1.2. Viralización

3.2. Estratexias de contidos (*branded content* e *brand journalism*)

3.3. *Social media plan* e *community manager*

3.4. Monitorización e medición de resultados

As **actividades prácticas** incluirán:

- **tarefas de análise** sobre a situación comunicativa dos SNL, sobre a audiencia e o seguimento de medios locais, sobre a identidade corporativa, sobre o paso da nota de prensa á información...

- **exercicios de deseño e elaboración** de ferramentas comunicativas: mapas de públicos, plans estratéxicos e de acción, notas de prensa, publicacións en redes sociais, accións coordinadas de comunicación...

Quen pode participar?

- ✓ Técnicos/as de servizos de normalización lingüística (SNL)
- ✓ Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua
- ✓ Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua

Límite de prazas: **25**.

Onde será o curso?

- ✓ O curso desenvolverase **en liña** a través da sala virtual da docente no **Campus Remoto da Universidade de Vigo**:

<https://campusremotouvigo.gal/>

O alumnado recibirá unha ligazón e un contrasinal para acceder á sala virtual e participar no curso.

Organiza



Colaboran



A sala conta cun cartafol de arquivos e sala de videoconferencia. O uso da sala de videoconferencias é sinxelo e intuitivo e permite intervir por escrito ou mediante a voz.

Que necesito para participar no curso?

- ✓ Equipo informático con navegador e software flash actualizados
- ✓ Altosfalantes, cámara e micro.
- ✓ Conexión estable e con certa largura de banda.

Cales son os prazos e datas?

O que	Día e horario
Prazo de inscrición no obradoiro	Do 5 de ao 16 de outubro de 2020
Publicación da listaxe de persoas admitidas	O 17 de outubro de 2020
Prazo para o pagamento do obradoiro	Do 18 ao 20 de outubro de 2020
Datas de desenvolvemento das sesións do curso (conexión síncrona co Campus Remoto da UVigo)	<ul style="list-style-type: none">• Xoves 22 de outubro• Venres 23 de outubro• Xoves 29 de outubro• Venres 30 de outubro• Xoves 5 de novembro• Venres 6 de novembro
Horario de todas as sesións	De 9.00 a 11.00 h

Cal é a duración total?

- ✓ 14 horas (12 de conexión síncrona e 2 de traballo persoal)

Gústame! Para apuntarme?

A través do **formulario** que se habilitará para o efecto no web www.ctnl.gal entre o 05/10/2020 e o 16/10/2020.

Dado que o **número de prazos é limitado**, respectarase a orde de inscrición con preferencia para os/as socios/as da CTNL.

Non se debe pagar a cota de inscrición até que non se publique a listaxe de persoas admitidas.

As persoas admitidas deben ingresar o importe da matrícula na conta da CTNL en Abanca número ES18-2080-0377-04-3040004060, indicando o seu nome completo e mais o concepto "Curso comunicación".

Se unha persoa está na listaxe de admitidas e non vai participar no curso, **debe comunicalo** por teléfono ou correo electrónico o máis axiña posíbel, para así poder incorporar, con suficiente antelación, a seguinte persoa da listaxe de agarda.

E canto custa?

- ✓ Para socias/os da CTNL: 25 euros
- ✓ Para estudantes, bolseiras/os e desempregadas/os non socios/as: 40 euros
- ✓ Para non socias/os da CTNL: 75 euros

+info

Entra en www.ctnl.gal

Escribe a info@ctnl.gal

Chama ao 629 571 950

Organiza



Colaboran

